

ACTA COMISIÓN DE CALIDADE

Sesión do 28 de xaneiro de 2016

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Comisión de Calidade, o xoves 28 de xaneiro de 2016, ás 16.30 horas en segunda e definitiva convocatoria, coa seguinte

ORDE DO DÍA

- 1. Lectura e aprobación da acta anterior (16 de novembro de 2015)**
- 2. Informe da Decana**
- 3. Debate sobre a certificación do sistema de calidade do centro e sobre a acreditación do título de Grao en Xeografía e Historia**
- 4. Debate e posibles contribucións sobre o Informe de revisión pola dirección**
- 5. Debate sobre as medidas adoptadas nas titulacións de máster no curso 2015/16**
- 6. Rolda de intervencións**

- 1. Lectura e aprobación da acta anterior (16 de novembro de 2015)**

Apróbase a acta da sesión anterior por asentimento.

- 2. Informe da Decana**

A decana comenta as seguintes cuestións:

- Desculpa a ausencia de: Xulio Rodríguez (motivos laborais), Montserrat Iglesias (motivos familiares).
- Quere agradecer a asistencia á reunión de Pablo Sánchez, xa que está a piques de defender a súa tese de doutoramento e está moi ocupado.
- Informa de que xa se resolveron as bolsas de calidade dos centros. O bolseiro que saíu elixido para a nosa facultade é o alumno do grao Arturo Real López, que comezará a bolsa o 1 de abril.

- Comenta a decana que neste curso só tivemos unha reunión da comisión pero é porque estase intentando poñer todo ao día das tarefas que debemos realizar para o ano 2017. Na anterior reunión aprobouse o Informe provisional de seguimento. En realidade, nesta ocasión o informe provisional e o definitivo son coincidentes. Nos cursos anteriores entre un e outro mediaba un informe técnico que recollía suxestións e correccións coas que se redactaba o informe final. Outra novidade deste curso é que o antigo informe anual, substituíse polo novo informe de avaliación pola dirección. A súa elaboración é bastante complexa e aínda non o temos finalizado. Enviouse a área de Calidade un borrador provisional e remitíronnos bastantes aspectos para melloralo. Este proceso ralentizou o desenvolvemento das demais tarefas. Neste momento decidimos parar o informe para poñer ao día o resto das actividades que marca o calendario de calidade do centro.
- Informa que para a semana que ven hai una xuntanza cunha persoa da Área de formación permanente do profesorado para falar das accións formativas para o PDI, reiterouse o correo ao profesorado –xa enviado en outubro- por se teñen algunha proposta que nola fagan chegar.

3. Debate sobre a certificación do sistema de calidade do centro e sobre a acreditación do título de Grao en Xeografía e Historia

A decana explica que por calendario temos a obriga de acreditar o título de grao en Xeografía e Historia no ano 2017, superar este requisito é imprescindible para que poidamos seguir impartíndoo. Virán uns avaliadores externos que comprobarán se os ítems da memoria se cumpren ou non. Neste proceso está implicada toda a comunidade do centro e os avaliadores terán entrevistas con todos eles.

Cédelle a palabra a alumna egresada Marta López que ten participado nalgúns procesos de acreditación para que explique os aspectos básicos do procedemento.

Marta explica a estrutura dos avaliadores externos: un presidente, o secretario da ACSUG de Humanidades que fai de secretario e un estudante da USC da Facultade de Xeografía e Historia. Eles antes de vir revisan a web e requiren ao centro a información que lles parece oportuna. Cando veñen se reúnen coa dirección do centro, cunha mostra significativa do PDI, do PAS e do alumnado, que selecciona o centro. Tamén se reúnen coa Comisión de Calidade e co alumnado egresado. Nestas reunións poden solicitar exames, guías docentes, programas de materias, actas da comisión de calidade, etc. Logo hai unha audiencia pública onde se pode incidir ou aclarar temas. O proceso dura un día ou día e medio e ao remate a comisión informa oralmente das fortalezas e debilidades atopadas.

A decana comenta que a xunta de facultade aprobou ir conxuntamente ao proceso de acreditación do grao e á certificación do sistema de calidade do centro. Así pasaremos dúas avaliacións no mesmo momento. Marta aclara que neste caso a comisión amplíase en dúas persoas máis.

No proceso de certificación do sistema de calidade o que se avalía é se os procesos de calidade están operativos no centro. Como aspectos significativos é importante publicitar os obxectivos de calidade do centro, revísanse as actas da comisión e a exposición das accións na páxina web.

Se o centro ten o certificado de calidade, a acreditación do máster require un trámite máis sinxelo para obtelo.

No campus hai tres centros con este certificado. A Escola de Informática o obtivo a primeira vez que se presentou. A Facultade de Dereito obtívoo condicionado a melloras e a de Empresariais e Turismo á segunda vez que se presentou.

4. Debate e posibles contribucións sobre o Informe de revisión pola dirección

Tal e como se comentou no informe da decana, realizouse un borrador ao que a área de calidade fíxonos unhas correccións e suxestións. O obxectivo é rematar de redactar o segundo borrador e debater na comisión.

5. Debate sobre as medidas adoptadas nas titulacións de máster no curso 2015/16

A decana cédelle a palabra á vicedecana Beatriz Comendador que é a coordinadora do máster.

Beatriz explica que o ano pasado foi o primeiro ano de implantación do máster de Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural cun sistema mixto de profesorado (interno e externo). Parte do profesorado externo é da Escola Superior de Conservación de Pontevedra que coordina un módulo e varias materias.

Conseguíuse iniciar o PAT e implantáronse algunhas das enquisas. O alumnado fixo a inicial e unha máis. As enquisas das materias (EAD) se tiveron que adaptar á modalidade semipresencial, isto se fixo tarde e non se realizaron.

Unha das problemáticas da titulación que reflicten os alumnos é o calendario de presentación do TFM da UVigo. Matriculando todas as materias previamente poden matricular o TFM e defendelo nunha única convocatoria, en xuño ou xullo. A maioría do alumnado non chega a tempo á lectura nin en xullo pola realización das prácticas, o remate das demais materias e por estar traballando.

No máster interuniversitario coa USC de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade, o alumnado da USC ten a convocatoria con posibilidades de presentar o TFM en xullo e setembro. Plantexouse á vicerreitoría este desfase de datas e a dificultade do noso

alumnado de defender en xullo, pero non están pola labor de modificar o calendario, co que o alumnado está abocado a solicitar a convocatoria adiantada o que supón unha nova matrícula e un incremento no prezo do crédito por ser 2ª matrícula. Por este e outros motivos, se tivo unha taxa de éxito tan baixa.

O que se fixo de cara a este curso académico é incidir na matrícula a tempo parcial e orientar e decidir sobre a defensa do TFM para que sexa menos problema ao final de curso.

O perfil do alumnado no máster de Patrimonio é xeralmente unha persoa que traballa, de diferentes titulacións e que valoran a opción da semipresencialidade. A procedencia é moi variada, dispersa e de fóra de Galicia: Nova York, Abu Dabi...

Existe unha web e un blog do máster. Para o mantemento da web se ten pouco orzamento e é Beatriz quen a está actualizando, o ideal sería ter presuposto para manter ao día tanto a web coma o blog.

6. Rolda de intervencións

Non hai.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 17.40 horas, e de todo dou fe como secretaria.

A decana

Susana Reboreda Morillo

A secretaria

MCarmen Arribas Álvarez

COMISIÓN DE CALIDADE

ORDINARIA
28/01/2016

ARRIBAS ÁLVAREZ, MCARMEN
COMENDADOR REY, BEATRIZ
DÍAZ ALONSO, XOEL

ASISTENCIA	AUSENCIA XUSTIFICADA
SI	
SI	
SI	

GÓMEZ IGLESIAS, MONTSERRAT
LÓPEZ DÍAZ, MARÍA
LÓPEZ LÓPEZ, MARTA
REAL LÓPEZ, ARTURO
REBORDA MORILLO, SUSANA
RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, JULIO
SÁNCHEZ FERRO, PABLO
UÑA ÁLVAREZ, ELENA DE
VAQUERO DÍAZ, BEATRIZ

	SI
SI	
SI	
SI	
SI	
	SI
SI	
SI	
SI	